

Volve a novela coa que Xurxo Souto "inventou o mar" para a súa xeración

Xa está nas librarías a reedición da primeira novela do escritor e músico coruñés Xurxo Souto, *O retorno dos homes mariños*, publicada por primeira vez en 1999.

Ana Triñáns 16 de febreiro de 2021

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/volve-novela-coa-xurxo-souto-inventou-mar-su%CC%81a-xeracio%CC%81n/20210216220534115993.html>

Edicións [Xerais](#) reedita *O retorno dos homes mariños*, do escritor e músico [Xurxo Souto](#).

“Para min é unha celebración e unha emoción importante porque esa noveliña foi a primeira que escribín hai 20 anos”, conta o autor.

E agora volve tal e como foi pois para Souto é “importante manter ese toque de época, o documento de como era A Coruña de hai 20 anos, que mudou moito”, puntualiza.

A novela conta a vida de dúas personaxes, Mercedes, unha moza heavy que ten que traballar nun taller téxtil do Orzán para Inditex, “que agora leva- ron para Marrocos”; e outro rapaz, Eco, que fixo FP (Formación Profesional) porque quería ser antenista, “e chegou o tempo da televisión por cabo”, re- calca o escritor.

No que si hai mudanza é na cuberta, que agora diseña o ilustrador Javi Prieto co retrato da protagonista, Mercedes, que tamén será o centro doutra novela de [Xurxo Souto](#), *A gran travesía de Chiruca Magallás*.

Coa perspectiva das dúas décadas, a novela ten para o seu autor un novo valor. “Creo que é moi importante que alí apareceu a inxerencia da miña xeración, que non estaba formulada, eramos rapazada da cidade, cidades-barco, mais os nosos pais eran da aldea...

Somos da Coruña pero ninguén nos falou do mar a pesar de que nos chame na madrugada, ‘o Orzán’ ou ‘o Berbés’”. A procura do mar fíxoa Xurxo Souto non só neste [O retorno dos homes mariños](#), nin n’*A gran travesía de Chiruca Magallás*, senón tamén cos Diplomáticos no disco *Capetón*, nos programas de radio.

Mais, “esta novela foi a miña propia invención do mar”, explica evocando Jenaro Marinhas del Valle e o seu poema épico *A invenção do mar*.

Das presentacións máis alá do tempo da pandemia

O autor de *O retorno dos homes mariños* ten plans de cara a cando recuperemos a mobilidade. "Presentacións in itinere polas inmediacións da Torre de Hércules, por exemplo", relata.

E tamén na ruta Vigo-A Coruña, "A Coruña e Vigo son a mesma cidade desde a perspectiva do mar e estamos incomunicados por terra, pola AP-9, como pode ser que o fluxo de comunicación máis importante do país sexa un negocio privado", reivindica Xurxo Souto.

"Educannos como terrícolas", di o escritor, "pero a xente nova ten fame de mar".

E tamén Lisboa será obxectivo da presentación desta reedición, pois alí está a capela de "Santo Amaro dos galegos".

"Un santo, que non existe, pois non está no santoral senón que é de culto popular e con tanta presenza na Coruña".